



Curso “Dereitos Humanos e Saúde Mental”

DOCENTE

Miguel Vieito Villar.

ORGANIZA

Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial e Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

Eduardo Martínez Lamosa (G-4199).

DURACIÓN

8 horas.

DATA E HORARIO

Venres, 24 de novembro de 2023. De 16:00 a 20:00 horas.
Sábado, 25 de novembro de 2023. De 10:00 a 14:00 horas.

LUGAR

Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

PAZAS

O curso vaise desenvolver en modalidade mixta:
20 prazas na modalidade presencial.
50 prazas na modalidade online, a través da plataforma Moodle e Zoom.

PREZOS

Membros da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, Psicólogos/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao de psicoloxía, master ou doutoramento.....25,00€
Psicólogos/as colexiados/as.....50,00€
Psicólogos/as non colexiados/.....100,00€

*Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte enlace:
https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formation_para_colexiados_e_colexiadas.pdf

En trámite a solicitude de acreditación como actividade de formación continuada do Sistema Nacional de Saúde



Curso “Dereitos Humanos e Saúde Mental”

PROGRAMA

Venres, 24 de novembro de 2023. De 16:00 a 20:00 horas.

- **Introdución.**
 - Orixe e achegamento histórico aos DDHH.
 - O lugar dos DDHH no noso Ordenamento Xurídico.
 - Saúde e Dereitos Humanos.
 - Discriminación e delitos de odio.
- **Persoas menores de idade.**
 - Capacidade decisoria: autonomía versus patria postestade.
 - Ferramentas para avaliar capacidade.
- **Ordenamento Xurídico e discapacidade.**
 - Convención de Nova York: o paradigma da discapacidade no Estado.
 - O sistema de apoios.
 - Garda de feito.
 - Apoderamentos preventivos.
 - A curatela.

Sábado, 25 de novembro de 2023. De 10:00 a 14:00 horas.

- **Autodeterminación de xénero e dereitos sexuais e reprodutivos.**
 - O papel da Psicoloxía en relación ás persoas LGTBQIA+.
 - Discriminación sexo-xenérica como suposto de maltrato.
 - As mal chamadas “terapias conversivas”.
- **Contencións e dereitos humanos.**
 - Prohibición recentes.
 - Marco de aplicación.
 - O internamento involuntario, en clave de DDHH.

OBXECTIVOS

Acadar unha alfabetización básica nesta materia, que permita os/as profesionais integrar principios e regras de Ordenamento Xurídico na súa labor asistencial diarias, ben de xeito transversal, ben en relación a materias concretas.



Curso “Dereitos Humanos e Saúde Mental”

METODOLOXÍA

Tratarase dunha sesión expositiva mixta (presencial e online) cun achegamento fundamentalmente práctico, empregando na maior medida posible casos reais, tirados de xurisprudencia galega e buscando ao mesmo tempo a creación dun espazo para a reflexión e o debate. Facilitaranse materiais e referencias bibliográficas que sirvan como apoio ao desenvolvemento das temáticas propostas.

DOCENTE

MIGUEL VIEITO VILLAR.

Avogado, mediador e investigador en Dereito, especializado no dereito sanitario. Licenciado e Mestrado en Dereito. Asesor xurídico e responsable do Servizo de Asesoramento Legal da Federación Galega do Dano Cerebral; consultor externo para despachos de avogacía e servizos de saúde, vogal de Comités de Ética Asistencial e de Bioética en varias Áreas Sanitarias de Galicia.

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respectarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os psicólogos e psicólogas membros da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicárase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual e informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual ou informe períodos de inscrición. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: 14 de novembro de 2023